

CONVOCATORIA DE AXUDAS Á CREACIÓN E AOS PROXECTOS DE AGRUPACIÓNS TEATRAIS E DE DANZA PARA O ANO ACADÉMICO 2024-2025

Preámbulo

A Vicerreitoría de Estudantes e Cultura da Universidade de Santiago de Compostela ten, entre outros obxectivos, estimular e potenciar a actividade artística no seo da comunidade universitaria. Tendo en conta as traxectorias e o carácter estrutural que a práctica teatral e de danza teñen na nosa Universidade, esta Vicerreitoría resolve facer pública a presente convocatoria de axudas específica coa finalidade de avanzar no estímulo e na promoción da actividade das agrupacións teatrais e de danza da USC.

Obxectivos e campo de aplicación

Esta convocatoria ten como obxectivo promocionar e estimular a actividade das agrupacións teatrais e de danza da USC. A tal efecto, a Vicerreitoría de Estudantes e Cultura establece para o curso académico 2024-25 unha cantidade de **7.000 euros** destinada ao financiamento de proxectos teatrais e de danza xurdidos na comunidade universitaria cuxa dotación efectúase na partida orzamentaria "Proxectos culturais" 8043.4207.48000.

Poderán acollerse a esta convocatoria todas as agrupacións teatrais e de danza dadas de alta no Rexistro de Compañías de danza e teatro da Área de Cultura da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura e está aberta a toda clase de propostas escénicas, incluídas as *performance*, accións, espectáculos híbridos... ademais da estrea de pezas literarias ou creacións colectivas.

Non se concederán axudas a conceptos que tiveran sido subsidiados en convocatorias anteriores.

Período de realización dos proxectos

Os proxectos teatrais e de danza susceptibles de axuda nesta convocatoria deberán ser estreados e os gastos xustificados antes do 15 de outubro de 2024, independentemente de que as súas representacións continúen máis alá desta data.

Presentación de solicitudes

Establécese 1 prazo de solicitude: ata o 17 de febreiro de 2025

As solicitudes, presentaranse a través do Rexistro da sede electrónica da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/rexistroEntrada/solicitudes/listaxe.htm>), dirixidas á Vicerreitoría de Estudantes e Cultura co asunto "Convocatoria de Axudas á Creación e aos Proxectos de Agrupacións Teatrais e de Danza".

Para seren admitidas a trámite deberán conter a seguinte documentación:

I) Ficha que aparece como ANEXO I a esta Convocatoria, cuberta cos datos xerais da agrupación solicitante

- 1.- Nome da agrupación
- 2.- Datos de contacto (endereço, teléfono, e-mail...)
- 3.- Relación nominal completa (nome, apelidos e NIF) das persoas que integran o proxecto e en calidade de que participan nel, indicando a súa pertenza ou non á Comunidade Universitaria, especificando se son estudantes, PDIs ou PAS
- 4.- Contía da axuda que se solicita

II) Información relativa ao proxecto teatral ou de danza para o que se solicita a axuda, que deberá incluír necesariamente TODA a seguinte información:

- 1.- Título e autor/a
- 2.- Proxecto de dirección (xustificación do proxecto, obxectivos, criterios de traballo, calendarios e, no caso dos proxectos de danza, sinopse da peza coreográfica)
- 3.- Propostas iniciais de espazo escénico, iluminación, son e vestiario, entendendo que poderán mudar durante o proceso de creación.
- 4.- Curriculum da compañía. No caso de ser compañía de nova creación, experiencia previa dos seus compoñentes (pode incluírse o curriculum teatral dos seus compoñentes).
- 5.- Previsión de estrea
- 6.- Orzamento desagregado

O idioma das representacións será o galego, excepto que se xustifique o uso doutro idioma.

Avaliación dos proxectos e aplicación das axudas

Unha vez rematado o prazo de entrega de solicitudes, realizarase a avaliación dos proxectos por parte da Comisión de Actividades Culturais e Deportivas delegada do Consello de Goberno que procederá ao estudo das solicitudes e formulará un informe que elevará á Vicerreitora de Estudantes e Cultura, quen resolverá por delegación do Sr. Reitor. A comisión poderá solicitar consultas de asesoramento á Área de Cultura para complementar as súas avaliacións.

Os criterios para a análise dos proxectos elaborados polas compañías escénicas da USC son os seguintes:

1. Estar rexistrada correctamente a compañía (cumprimento estrito dos requisitos).
2. Aportar a documentación requirida na convocatoria, valorando a correcta exposición e a súa coherencia co proxecto.
3. Aportar documentación gráfica do proxecto, especialmente nos epígrafes de espazo escénico, vestiario e iluminación.
4. Orzamento razoado e axustado co proxecto.
5. Presentación en forma.

Valórase positivamente que a dirección do traballo sexa dun membro da comunidade universitaria, así como que a totalidade da compañía pertenza á USC (estudantado, PAS, PDI)

A comisión poderá conceder axudas de igual ou inferior contía á solicitada, e mesmo deixar peticións sen axuda se considerar que non reúnen as condicións de calidade e consistencia requiridas. Ningunha persoa ou colectivo solicitante poderá percibir retribucións persoais con cargo ás axudas concedidas na presente convocatoria.

O resultado da resolución farase público no taboleiro electrónico da USC, así como na páxina web de Cultura nos 15 días seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitude.

Contra a resolución, as partes interesadas poderán presentar reclamación no prazo de 5 días hábiles, contados dende a data seguinte da súa publicación.

A materialización da axuda requirirá o compromiso por parte do beneficiario a realizar os proxectos aprobados. Calquera modificación do proxecto orixinalmente aprobado deberá ser comunicada a esta Vicerreitoría solicitando a necesaria autorización para proceder a ela.

Na publicidade e difusión das actividades derivadas dos proxectos aprobados farase constar que foron co-financiadas pola Vicerreitoría de Estudiantes e Cultura da Universidade de Santiago de Compostela.

A comisión utilizará os procedementos oportunos de control e seguimento na aplicación das cantidades que se concedan. En xeral, o incumprimento dos compromisos adquiridos de acordo cos termos da solicitude presentada e as bases da presente convocatoria poderá dar lugar á suspensión da axuda concedida e, de ser o caso, á devolución das cantidades percibidas, así como a desestimación de futuras solicitudes. A Vicerreitoría de Estudiantes e Cultura reservarase o dereito de comprobar os datos contidos na solicitude de subvención, verificar a realización das actividades subvencionadas e difundir e dar a coñecer estas publicamente.

Os pagamentos derivados da aplicación das axudas serán tramitados e librados directamente polo centro de gasto da Vicerreitoría de Estudiantes e Cultura aos perceptores últimos, para o cal os beneficiarios deberán facer as xestións no dito centro de gasto antes de efectuar calquera pagamento.

O Reitor

(Por delegación de competencias. R.R. do 21 de abril de 2022, DOG do 26 de abril de 2022)

**A Vicerreitora de Estudiantes e Cultura
Pilar Murias Fernández**

CONVOCATORIA DE AXUDAS Á CREACIÓN E AOS PROXECTOS DE AGRUPACIÓNS TEATRAIS E DE DANZA PARA O ANO ACADÉMICO 2024/25

ANEXO I – FICHA DE SOLICITUDE

Nome da agrupación
Datos de contacto Enderezo: Teléfono: Correo electrónico:
Relación nominal completa (nome, apelidos e NIF) das persoas que integran o proxecto e en calidade de que participan nel, indicando a súa pertenza ou non á Comunidade Universitaria, especificando se son estudantes, PDIs ou PAS:
Contía de axuda que se solicita:

En _____, a ____ de _____ de 2025

Asinado,

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL PILAR MURIAS FERNANDEZ, VICERREITORA DE ESTUDANTES E CULTURA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 28/01/2025 13:52:39.

CSV: 03B4-DFB2-4187-A59F